



Rexistro Municipal de Asociacións **Regulamento**

Segundo o **artigo 236 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais**, os dereitos recoñecidos ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, soamente serán exercidos por aquelas que se atopen inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.

Obxecto.-

A Concellería de Cultura do Concello do Porriño ten por obxecto crear un Rexistro Municipal de Asociacións, coa finalidade de:

- Permitir ao Concello coñecer o número de entidades existentes no seu territorio, coñecer os seus fins e a súa representatividade.
- Fomentar a participación organizada e a vida asociativa no municipio.
- Dar a coñecer e así fomentar o asociacionismo e participación cidadá.

Para Quen.-

Poderán inscribirse todas aquelas asociacións sen ánimo de lucro, legalmente constituídas, previamente inscritas no Rexistro Xeral de Asociacións correspondente e que teñan a súa residencia no Concello do Porriño.

Como.-

As inscricións faranse de acordo á instancia establecida que poderá descargarse na web do concello <https://oporrino.org> e que deberá presentarse no Rexistro Municipal do Concello do Porriño, achegando a documentación solicitada:

- Copia do CIF da entidade.
- Copia dos Estatutos da Asociación.
- Orzamento do ano en curso.
- Programa de actividades do ano en curso.
- Certificación do número de asociados/as.

Obrigas.-

Presentar a solicitude debidamente cumprimentada ademais dos documentos requiridos.

Só se procederá á inscrición no Rexistro unha vez que sexa entregada toda a documentación.

Cumprimentar a documentación con datos reais.

Informar de calquera modificación nos datos solicitados.

Darse de baixa no Rexistro cando cese a actividade.

Acceso.-

Este Rexistro será público de tal forma que poderán acceder a el todas as persoas interesadas, de forma telemática a través da páxina web do Concello.